

Reunidos na cidade de Pontevedra, o día 26 de setembro de 2017 ás 20:00, o xurado composto por Ramón Nicolás, Ramón Rozas e Carme Vidal coa coordinadora do premio, Carme Carreiro, en calidade de secretaria, decidiu outorgar o I Premio de Xornalismo Manuel Lueiro Rey ao artigo “O segredo mellor gardado”, presentado co pseudónimo “María Balteira”. Unha vez aberta a plica, o gañador resultou ser Xoán Carlos Domínguez Alberte.

O xurado considera que o artigo evoca a escrita xornalística reivindicativa, comprometida e de contido social de Manuel Lueiro Rey. Ademais, o tema de recuperación da memoria histórica que centra o texto constitúe un dos elementos fundamentais na traxectoria vital e xornalística do escritor nacido en Fornelos de Montes.

“O segredo mellor gardado” parte da memoria persoal e familiar agochada para reivindicar a fin do silencio. O xurado destaca tamén o interese de que a recuperación da historia de quen foi vítima da represión teña presenza nos medios de comunicación. O texto foi escollido por unanimidade entre o considerábel número de artigos presentados á primeira edición do certame que completa o abano de premios dos principais xéneros visitados por Lueiro Rey, unha vez xa están consolidados os premios de poesía e narrativa.

Escritor e profesor de ensino público, Xoán Carlos Domínguez Alberte (Escudeiros-Ramirás, 1966) ten unha ampla obra literaria na que frecuenta xéneros como a poesía, de maneira especial, o ensaio ou o teatro. Colabora habitualmente en diversas publicacións e medios de comunicación. *Versos para conversar* (2016) é a máis recente obra dunha traxectoria que se iniciou con *Material de outono* no ano 2000. Ademais, Domínguez Alberte é un activo dinamizador cultural.